



A FOLLA DA CGT

Núm. 56 - 9 marzo 2021

UTE: fin da folga tras 5 semanas

Tras 5 semanas de folga indefinida, e tras conseguir que o comité de Navantia asinase un compromiso para defender o dereito a subrogación en caso de despedimentos inxustificadas, os compañeiros puxeron fin á folga o 1 de marzo.

Unha folga así esixe algunhas reflexións:

- ¿Como será visto o comité da principal entre a IA para que os compañeiros esixan a sinatura dun compromiso de defendelos? O comité da principal non representa ós traballadores da IA; de feito, o boicot a esta folga foi total, negándose a apoialos en ningunha medida que servira para presionar a Navantia. Ata o punto de que cando, tras 4 semanas, decidiron mobilizarse nos accesos ó AAOR-2, io comité de empresa non apareceu por alí!

- Tamén se demostrou que a presión fundamental nunha loita é afectar directamente a produción, que é o único que doe. O demais só leva a dilatar as folgas, e isto sempre beneficia ás em-

presas. De feito, cando se acudiu ó AAOR-2 e comezaron a avariarse guindastres en Carenas, empezou a moverse todo, empezando polo comité da principal.

- É fundamental estender as loitas ó conxunto da IA para facelas máis efectivas e diminuir a súa duración. A idea de que os traballadores son insolidarios é profundamente reaccionaria e está alimentada conscientemente pola burocracia sindical para manter ós traballadores divididos.

De feito, os días en que houbo mobilización no AAOR-2 (primeiro da UTE e despois de Mainfer), os traballador@s apoiaron o paro solidariamente. Pero se queremos manter unha loita máis aló dunhas horas ou uns días, hai que incorporar á loita a aqueles que lles pedimos solidariedade. E isto faise mediante unha táboa reivindicativa común que recolla as demandas de todo o mundo.

- As espadas fican en alto ante os futuros ataques. Os compañeiros amosaron a capacidade de sacrificio e a unidade da que son capaces.

Cunha estratexia na que os aliados sexan o resto dos traballador@s subcontratados, en vez deste comité da principal, será posible dobregar a Navantia e a patronal da IA.

10-M: todos e todas á folga xeral!

Mañá hai folga xeral. Lamentablemente, a maioría sindical opúxose á proposta de convocar unha **assemblea xeral**, defendida pola **CGT** e a CIG.

O argumento foi que esta folga xa foi aprobada co último calendario de mobilizacións e que, por tanto, non fai falla unha assemblea. Pero a assemblea era conveniente porque nunca están de máis e porque cumpren unha función de informar con detalle, explicar as cousas con máis profundidade e animar a participación.

A **CGT** fai un chamamento a participar **activamente** na xornada de folga.

Acude ós piquetes:

Martes 9, 21:15 h. - Praza de Armas

Mércores 10, 4:30 h. - Rotonda do Río do Pozo

Mércores 10, 8:30 h. - Pol. da Gándara (aparcadoiro de Alcampo)

Manifestación ás 12:00 na rotonda de Alcampo

Participa coa CGT!

10
Marzo

FOLGA XERAL COMARCAL

NACIONALIZACIÓN SECTORES XA! ESTRATÉXICOS XA!

PARA DEFENDER EMPREGOS E DEREITOS

CGT

CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO FERROLTERRA - 623 044 900

Os fondos Next Generation ó rescate de Turbinas?

A semana pasada, Gonzalo Mateo e Fernando Ramírez reuníronse telematicamente co comité de empresa para trasladar un plan de futuro para Turbinas, que consta de dúas patas:

- Catro proxectos para a fabricación de **plantas de hidróxeno**, dous ligados á enerxía eólica (en colaboración con Enagás) e dous á enerxía solar (en colaboración con Enagás e Repsol), financiados cos fondos europeos Next Generation.
- A **máxima flexibilidade laboral e colaboración** por parte dos traballadores de Turbinas.

¿Estes proxectos servirán realmente para impulsar Turbinas como motor da necesaria transformación ecolóxica? ¿Ou serán a escusa para que Repsol e Enagás fagan negocio e, en compensación, Navantia ingrese algúns millóns? Xa sabemos de que vai isto da **colaboración público-privada**, como se viu no seu día con Turbinas e Bonus, ou se ve agora en Fene con Windar.

O que está claro é o que pretenden dos traballadores: que **traballemos máis** e teñamos **menos dereitos**.

O futuro de Turbinas empeza polo aumento de persoal para poder formar novos profesionais, algo ó que, até agora, a dirección de Navantia non puxo máis que pégas. **Traballo si, dereitos tamén.**

Está previsto que o comité convoque unha asemblea parcial en Turbinas para falar disto.

Mobilizacións en Correos de Narón

Delegados da **CGT** de Navantia están apoiando as mobilizacións dos traballador@s de Correos de Narón convocadas polo noso sindicato, para reivindicar que se cubran as vacantes existentes. A solución que dá a empresa é que o resto dos traballador@s asuman as zonas sen carteiro/a.

Trala primeira mobilización (un paro de 2 horas e unha concentración diante da oficina o 1 de marzo), Correos moveu ficha e ofreceu... idúas contratacións durante unha semana! Isto é totalmente insuficiente, non soluciona **nada**.

Onte houbo unha segunda mobilización. O xoves 11 entrevistáranse coa alcaldesa.

Non se trata de desatascar a situación nun período de incremento da correspondencia. Trátase de que, faltando máis dun 20% do cadro de persoal, é imposible facer o reparto decote de luns a venres en todo o concello, tal e como estipula a lei.

Non se trata só de evitar a sobrecarga dos traballador@s. Trátase tamén de defender un servizo público de calidade.



Xuízo gañado e cobrado

Preguntáronos hai uns días se os afiliad@s da **CGT** afectados xa cobraran os cartos gañados na nosa demanda contra a empresa polos xuros de demora dos atrasos das asimilacións. **Cobraron.**

E falando de atrasos. O que fixo a empresa co incremento salarial de 2020 foi unha tomadura de pelo. Como haxa posibilidades, igual acabamos meténdolle outra demanda por xuros de demora. O non xa o temos.

Anticipos

O 15 de febreiro, a empresa publicou (non sabemos se co beneplácito do intercentros) a norma I-RH-001, que "homoxeneiza" a tramitación e devolución dos anticipos.

Coa nova norma, a cantidade para os GP3 e GP4 de tódalas factorías pasa a ser de 1.500 €, a devolver en 12 meses.

Para os TS hai dous criterios: os que teñan menos de 4 anos de antigüidade e non teñan dereito a obxectivos, a mesma cantidade que operarios e empregados. O resto dos TS (GP1 e GP2) poderán pedir o **dobre**, 3000 €.

Nesta empresa 4.0, parece que non damos desterrados o **clasismo** e as **desigualdades**, polo menos mentres non logremos o cese da cúpula de RRHH e mentres a maioría sindical siga a asinar convenios con dereitos distintos segundo o teu grupo profesional ou a túa data de entrada na compañía.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org
Séguenos e comparte info nas RRSS:

